

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



TABOLEIRO

Asunto: *Designación de representante do Concello de Carballo na Entidade ECOXEM do Polígono de Carballo.*

Expediente: 2025/U004/000086

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria de data 26/05/2025 aprobou a «Proposta de estatutos da Entidade de Conservación, Xestión e Modernización (ECOXEM), do polígono de Carballo», publicada no *Boletín Oficial da Provincia* do 19/06/2025, núm. 116.

De acordo ao procedemento de constitución da ECOXEM, regulado no artigo 85 da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, nos seus estatutos deberá contemplarse necesariamente a participación na entidade dunha persoa representante do Concello de Carballo.

Por Decreto da Alcaldía número 2727 de data 22/09/2025 delegouse no concelleiro Lois María Lamas Álvarez, concelleiro delegado da área de Obras, a atribución de representar ao Concello de Carballo nos órganos de goberno da entidade ECOXEM do polígono de Carballo.

Faise público este Decreto, ao abeiro do disposto no artigo 14.2 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Carballo (BOP número 174 do 12/09/2025).

Carballo, 23 de setembro de 2025 (asinado dixitamente)

O alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez